



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS DE LIBROS E DE MATERIAL ESCOLAR

Na ORDE do 7 de maio de 2024 (DOG do luns 20 de maio) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2024/2025 (código de procedemento ED330B).

BENEFICIARIAS

Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria que se relacionan a continuación:

- a) **Fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria (EP)**, e en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.
- b) **Axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en **1º e 2º de EP**, e en educación especial (EE), así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (con discapacidade \geq ao 65%) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE–), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- c) **Axudas para material escolar** destinadas ao **alumnado matriculado en Ed. Primaria, ESO e EE**.

PRESENTACION DAS SOLICITUDES

O prazo **rematará o 21 de xuño** de 2024 (este incluído).

Pódese facer:

De xeito telemático: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/> . Modelo ED330B. Anexos I e II.

De xeito presencial: no horario de Atención ao Público do Equipo Directivo, exposto tanto no taboleiro de anuncios do Centro como na Web.